



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

R.P. 2024/33203.- Modificación concesión definitiva do programa FOPPSS/2024

ANUNCIO

Por resolución do Presidente en funcións da Deputación, número 33203, do 13 de agosto de 2024, aprobouse o incremento dos importes concedidos do programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no 2024 (FOPPSS/2024), co seguinte texto:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Por acordo Xunta de goberno do 6 de outubro de 2023 aprobáronse as Bases reguladoras do Programa FOPPSS (FOPPSS/2024): Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais no ano 2024, publicadas no BOP número 194 do 10 de outubro de 2023.

SEGUNDO. Por resolución da Presidencia número 4622 de 7 de febreiro de 2024 aprobouse definitivamente a concesión de subvencións correspondentes ao Programa de Financiamento dos Servizos Comunitarios Municipais en 2024 , na que se contemplaba unha achega de 12,00 € por hora prestada de servizo no Módulo IV: Persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) libre concorrencia. Esta resolución foi publicada no BOP número 30 de 9 de febreiro de 2024.

TERCEIRO. Por resolución da Presidencia número 25066 de 14 de xuño de 2024 modificáronse as Bases do Programa de Financiamento dos Servizos Comunitarios Municipais en 2024 (FOPPSS/2024) incrementando a contía a percibir por hora prestada de servizo no Módulo IV: Persoal auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) libre concorrencia de 12,00 €/hora a 14,00 €/hora. Esta resolución foi publicada no BOP número 117 de 18 de xuño de 2024.

RESOLVO:

1. Aprobar a modificación dos importes concedidos no Programa de Financiamento dos Servizos Comunitarios Municipais en 2024 (FOPPSS/2024), incrementando 2,00 € por hora concedida de servizo no Módulo IV: Persoal auxiliar do SAF libre concorrencia (de 12,00 €/hora a 14,00 €/hora) a todas as entidades solicitantes. O que supón un incremento total no importe concedido de 791.608,86 €.

Tendo en conta o exposto, os importes concedidos serán os seguintes:

CONCELLO DE	OZA -CESURAS	Exp.	2023000041439
MÓDULO	Módulo subvencionado		Achega máxima
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
I	Persoal administrativo grupo C1 ou C2		18.000,00 €
II	Persoal técnico A2		22.000,00 €
IV	Persoal auxiliar SAF libre concorrencia - Horas concedidas	4688,36	65.637,04 €
TOTAL			123.637,04 €